

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA VINTE E SEIS DE FEBREIRO DE 2009, CON CARÁCTER ORDINARIO

SRES. ASISTENTES:

Presidente:	D. ODON C. COBAS GARCIA
Concelleiros	D <sup>a</sup> . LUCÍA GONZÁLEZ LOURO D. ELOY JOSÉ IGLESIAS LÓPEZ D. JOSÉ ANTONIO SÁNCHEZ DE LA FUENTE D <sup>a</sup> . ANA BELÉN PICÓN COTOS D. CAMILO PEREIRAS CARAMÉS D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO D. MANUEL COSTA CARNEIRO D <sup>a</sup> : MARGARITA DEVEESA CARDELLE D. ROGELIO LEMA MOUGÁN D <sup>a</sup> : M <sup>a</sup> . JESÚS PIÑEIRO CALDELAS D. JOSÉ ALVELA EDREIRA
Escusa asistencia	D <sup>a</sup> . XOSEFINA ROSA GUITIÁN LEMA
Secretario	D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte horas e trinta e cinco minutos do día vinte e seis de febreiro de dous mil nove, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Odón C. Cobas García, reúnese en sesión ORDINARIA o PLENO DO CONCELLO, figurando os membros do mesmo ó comezo desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pásanse a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

**1º.- Aprobación, se procede, de actas de sesións anteriores (02/02/2009)**

Dáse conta das actas das sesións extraordinarias celebradas o día dous de febreiro do ano que andamos, que son aprobadas por unanimidade dos asistentes

**2º.- Acordo, se procede, sobre recoñecemento extraxudicial de créditos**

Dáse conta da necesidade de recoñecer crédito para as seguintes facturas do exercicio 2008:

Intereses bancarios do 4º trimestre do ano. Importe 12.621,09 euros

Factura num. 20087013 de Dapp por base de datos da administración local. Importe 230,88 euros

Factura num. 08FV024/00836 de Eurocontrol por inspección de baixa tensión no IES de Vedra. Importe 411,80 euros



Factura num. 20/08 da Fundación Refuxio de Animais pola cota correspondente ó terceiro cuatrimestre do ano 2008. Importe 2.849,60 euros

Factura num. 126/2008 de Igaxés-3 por desenvolvemento e impartición do Programa Formativo: curso de animación; curso de axuda no fogar e curso de coitado de cativos. Importe 10.000,00 euros

O Pleno, por unanimidade dos asistentes, acorda aprobar o citado recoñecemento

**3º.- Acordo, se procede, sobre modificación da ordenanza fiscal nº 21 reguladora do servizo de fisioterapia**

Dáse conta da seguinte proposta:

1º.- Aprobar provisionalmente a modificación da Ordenanza Fiscal nº 21, reguladora do servizo de fisioterapia no que se refire ós artigos 7.3 e 8, que quedarían redactados do seguinte xeito:

"Artigo 7.3: Situación socio-económica:

Serán preferentes:

- Usuarios do servizo de axuda no fogar
- Solicitantes que viven sós ou unidades familiares integradas unicamente por solicitantes que reúnen os requisitos
- Solicitantes de menores ingresos
- Os pensionistas de 60 a 65 anos que non teñan a condición de minusválido ou valoración de grao e nivel de dependencia serán considerados non preferentes, pasarán a lista de espera"


"Artigo 8.- Financiamento

"Con cargo ó concello, ás subvencións doutras administracións, e á contribución dos usuarios seguindo os seguintes criterios:

- Capacidade económica mensual do beneficiario igual ou inferiores ó 100% do IPREM (do exercicio en curso): exentos de pago
- Capacidade económica mensual do beneficiario comprendida entre o 100% e o 150% do IPREM (exercicio en curso): 25% do custo
- Capacidade económica mensual do beneficiario comprendida entre o 150% e o 200% do IPREM (exercicio en curso): 50% do custo
- Capacidade económica mensual do beneficiario superior o 200% do IPREM (exercicio en curso): 100% do custo-

No caso de usuarios de axuda no fogar aplicaráselle a táboa de copagamento do SAF, de acordo co estipulado no artigo 15 do regulamento interno do servizo de axuda no fogar local.

Os usuarios non preferentes poderán acceder ó servizo aboando o 100% do custo.



Os usuarios obrigados a presentar a declaración de patrimonio aboarán o 100% do custo.

Para o cálculo da capacidade económica imputaranse como ingresos ademais do importe mensual das pensións percibidas, os ingresos procedentes doutra natureza, o rendemento do capital mobiliario así como as rendas inmobiliarias

O custo do servizo queda establecido en 12,00 euros a sesión de 35 minutos (esta tarifa modificarase cada ano coa subida do IPC)

Forma de pagamento: as liquidacións practicaranse mediante emisión de bo- nos”

2º.- Darlle ó expediente a tramitación e publicidade preceptiva, mediante a exposición do mesmo no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello e no Boletín Oficial da Provincia, durante o prazo de trinta días hábiles, dentro dos cales os interesados poderán examinalo e formular as reclamacións que estimen oportunas

3º.- Considerar, no suposto de que non se presenten reclamacións ó expediente, no prazo anteriormente indicado, que o acordo é definitivo de acordo co establecido no artigo 17.3 do Real Decreto Lexislativo da Lei Reguladora das Facendas Locais

O Pleno, con 7 votos a favor do PSdeG-PSOE e TEGA e 5 abstencións do PP, acorda aprobar a citada modificación

4º.- Acordo, se procede, sobre ratificación de acordo de aprobación do regulamento do réxime interno do servizo de axuda no fogar

Dáse conta da aprobación pola Xunta de Goberno do Regulamento do Réxime Interno do Servizo de Axuda no Fogar na sesión ordinaria celebrada o día 30 de setembro de 2008

Proponse:


Ratificar o citado acordo e aprobar o mesmo

O Pleno, con 6 votos a favor do PSdeG-PSOE e 6 abstencións do PP e TEGA, acorda aprobar a citada proposta

5º.- Acordo, se procede, sobre moción do PP solicitando a modificación da lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, para que se poida e permita segreggar parcelas nas zonas de expansión de núcleo rural

Dáse conta da moción presentada polo PP na que se expón que un dos graves problemas que ten a Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, en relación ó rural é o feito de non permitir e dificultar a segregación nas zonas de expansión de núcleo rural , polo que solicita a adopción do seguinte acordo:

Instar á Xunta de Galicia, máis ó Parlamento que salga elixido na vindeira convocatoria de eleccións do 1 de marzo, a proposta de que se modifique a lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, para que se permita e facilite a segregación de parcelas no ámbito de expansión de núcleo rural



Intervén o Sr. Martínez Carrillo do PP para explicar o contido da moción e di que dado que tanto o PSdeG-PSOE como TEGA queren facer achegas á mesma, considera conveniente retirala da orde do día para aprobala posteriormente

Pola Presidencia retírase da orde do día este punto

#### 6º.- Dar conta da liquidación do orzamento do exercicio 2008

Dáse conta da liquidación do orzamento do exercicio 2008, aprobada por Resolución da Alcaldía de data 2 de febreiro de 2009, que presenta un resultado axustado de cento oitenta e seis mil dezanove euros con oitenta e sete céntimos (#186.019,87# ), sendo o resumo da mesma o que de seguido se relaciona:

	EUROS
+ Dereitos recoñecidos netos	. 4.330.545,40
- Obrigas recoñecidas netas	. - 4.034.324,10
<b>RESULTADO ORZAMENTARIO ANTES DE AXUSTES</b>	. 296.221,30
- Desviacións positivas de financiamento	. -110.201,43
+ Gastos financiados con Remanente Líquido de Tesourería	. 0,00
<b>RESULTADO PRESUPOSTARIO AXUSTADO</b>	<b>186.019,87</b>
DEBEDORES PENDENTES DE COBRO DO EXERCICIO	513.685,37
ACREEDORES PENDENTES DE PAGO DO EXERCICIO	398.677,15
Remanentes de crédito non comprometidos	. 449.891,05
Remanentes de crédito comprometidos	. 110.151,00
Remanentes de crédito con financiamento afectado a incorporar	0
Remanentes de crédito xerais a incorporar	0
<b>REMANENTE LÍQUIDO DE TESOURERÍA</b>	
+ Fondos existentes na Tesourería a 31-12-2008	60.603,3
+ Dereitos pendentes de cobro	. 590.328,80
- Acreedores pendentes de pago	757.861,51
<b>REMANENTE LÍQUIDO DE TESOURERÍA TOTAL</b>	<b>- 106.929,41</b>
- Saldos de dubidoso cobro	7.447,13
- Exceso de financiamento afectado	110.201,43
<b>REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS</b>	<b>- 224.577,97</b>

O Pleno dáse por enterado

#### 7º.- Aprobación, se procede, do orzamento municipal do exercicio 2009

Dáse conta do expediente tramitado para a aprobación, no seu caso, do Orzamento desta Entidade formado para o exercicio 2009. Considerando que na súa tramitación se cumpriron os requisitos sinalados pola Lexislación vixente e que contén os documentos que preceptúan os artigos 165, 166, 168 e concordantes do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Re-

fundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e do R.D. 500/1990 de 20 de abril, propónse:

1º.- Aprobar inicialmente o Orzamento desta Entidade para o exercicio 2009, por unha contía que quedou fixada no Estado de Gastos na cantidade de CINCO MILLÓNS VINTE E NOVE MIL EUROS (#5.029.000,00#) e no Estado de Ingresos na cantidade de CINCO MILLÓNS DOUSCENTOS CINCUENTA E CATRO EUROS (#5.254.000,00) EUROS, asignando a cada un dos capítulos as seguintes cantidades:

#### ESTADO DE GASTOS

CAPÍTULOS	DENOMINACIÓN	EUROS
	<b>A) OPERACIÓNS CORRENTES</b>	
1	Gastos de persoal	1.596.500
2	Gastos en bens correntes e servizos	1.553.250
3	Gastos financeiros	38.200
4	Transferencias correntes	58.000
	<b>B) OPERACIÓNS DE CAPITAL</b>	
6	Investimentos reais	1.645.250
7	Transferencias de capital	7.500
8	Activos financeiros	12.000
9	Pasivos financeiros	118.300
	<b>SUMA TOTAL DE GASTOS</b>	<b>5.029.000</b>

#### ESTADO DE INGRESOS


CAPÍTULOS	DENOMINACIÓN	EUROS
	<b>A) OPERACIÓNS CORRENTES</b>	
1	Impostos directos	855.000
2	Impostos indirectos	165.000
3	Taxas e outros ingresos	256.000
4	Transferencias correntes	2.426.000
5	Ingresos patrimoniais	5.000
	<b>B) OPERACIÓNS DE CAPITAL</b>	
6	Alleamento de investimentos reais	10.000
7	Transferencias de capital	1.315.000
8	Activos financeiros	12.000
9	Pasivos financeiros	210.000
	<b>SUMA TOTAL DE INGRESOS</b>	<b>5.254.000</b>

2º.- Aprobar igualmente as bases de execución do mencionado Orzamento.

3º.- Así mesmo, aprobar o cadro de persoal funcionario e laboral que figura no correspondente anexo.

4º.- Que se expoña ó público por un prazo de quince días hábiles, a efectos de reclamacións, conforme o preceptuado no art. 169.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

5º.- Que, no suposto de non presentarse reclamación contra o mesmo, se considerará definitivamente aprobado, debendo cumprirse o trámite da súa publicación, resumido por capítulos, no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Anuncios deste Concello, xunto co cadro de persoal e a relación de postos de tra-



ballo, segundo dispoñen os artigos 127 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, e 169.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo; e noutro caso, procederáse co previsto no número 1 deste último artigo.

6º.- Que, de conformidade co número 4 do mesmo artigo, se remitirá copia do referido Orzamento á Administración do Estado e á Comunidade Autónoma.

Intervén o Sr. Sánchez do PSdeG-PSOE e en primeiro lugar di que se fixo un esforzo para cumprir coas demandas dos grupos no sentido de achegarlles a información necesaria para o seu estudio e fomentar o debate.

De seguido expón que este é un ano importante para as contas municipais dado que se completará un plan económico de saneamento previsto para tres anos para rebaixar o remanente líquido de tesourería do exercicio 2007 como consecuencia dun exceso de investimentos executados e a falta de financiamento para os mesmos

Di ademais que dende a oposición se solicitou facer un esforzo de contención e rebaixa en gastos correntes e que o orzamento contempla un aforro que chega ós cen mil euros, recortando partidas de gastos en indemnizacións, asistencias, indemnizacións do persoal por asistencias a cursos, publicidade e en urbanismo que foi onde máis se recortou, debido á falta de desenvolvemento do plan, á que hai que engadir ós trinta e nove mil euros de financiamento que achega a Deputación para a elaboración dos proxectos do FEIL

Expón tamén que ese aforro que se consegue se pode utilizar en incrementar os investimentos ou en reducir o préstamo previsto para as achegas do concello ós distintos plans xa aprobados

Para rematar di que este orzamento é importante porque debe permitir poñer o reloxo a cero e partir dunha situación de equilibrio no ano 2010 e porque se se executan os investimentos previstos Vedra podería contar cuns investimentos moi importantes e paliar un déficit de infraestructuras existente.

O Sr. Alvela de TEGA di que escoitada a intervención do voceiro do grupo de goberno é lóxico que o grupo de goberno intente atopar apoios sen ser sospeitoso de nada, e di isto por se houberse malos entendidos

De seguido expón que bota en falta á voceira do BNG que distorsiona o pleno na súa totalidade, sen embargo manifesta que él aportaba nas reunións previas unha redución de gastos, e que se podería facer máis nese sentido ó estar nun momento difícil no sentido de que a crise é real, se ben a curto prazo neste concello no golpea ó non dispor de grandes investimentos.

Di tamén que él presentaría outro orzamento, se ben valora positivamente a feito de rebaixar os gastos correntes, e que se poidan equilibrar as contas que se dispararon no ano 2007

Expón tamén que estes orzamentos son os máis equilibrados dende que él está de concelleiro, dado que o axuste entre porcentaxes que se fixo neste exercicio con respecto a exercicios pasados é importantísimo; así os gastos de persoal e correntes supoñen un 66% e no ano 2008 ascendía ó 79%, co que se rebaixan 13 puntos, así coma nos investimentos que a diferenza é grande

Por último di ademais que o seu grupo está en desacordo en acudir alegremente ó endebedamento, pero neste caso é distinto dado os elevados investimentos que se plantexan e as achegas do concello ós mesmos

Di que vai absterse



O Sr. Martínez do PP di que no ano 2008 o seu grupo foi moi crítico coas cifras do orzamento e que valora positivamente que neste exercicio se rebaixen os gastos correntes e se incremente a partida de investimentos

Malia o anterior expón que o seu grupo non pode dar o apoio os mesmos, dado que no pleno do 15/01/2009 se comprometeron a incluír no orzamento do 2009 as tres obras que non puideron, por diversos motivos, incluírse no Fondo Estatal de Inversión Local; en concreto foron o local social de San Fins; a prolongación do abastecemento a Tomonde -San Mamede e a prolongación do abastecemento de Pousada a Trobe, que en conxunto poden supor uns 200.000 euros

Di que estes orzamentos recollen aportacións que se fixeron pero solicitarían un esforzo adicional en temas de educación, en canto ás demandas solicitadas polos directores dos centros educativos de Vedra, e en cultura (subvencións e becas a asociacións e estudantes) que suporían uns trinta mil euros, que sumados ós anteriores non supoñen unhas cifras escandalosas e que axustando un pouco máis o capítulo de gastos correntes, sen prexudicar servizos básicos dos veciños de Vedra, se podería aforrar un 7% necesario para afrontar os investimentos solicitados

Expón tamén que estamos nun momento de crise e que o concello debe facer un esforzo de aforro, que a él non lle preocupa acudir ó endebedamento, dentro dos límites legais, pero para investimentos necesarios e básicos, como abastecemento e saneamento.

Ademais di que podería facer propostas concretas para aforrar outros 100.000 euros en gastos correntes se existe vontade por parte do grupo de goberno, facendo referencia o departamento de urbanismo e o tema de persoal, dado que é a primeira empresa do concello e ó seu entender habería que sacarlle máis rendemento

Remata a súa intervención manifestando que o seu voto será en contra, coa salvidade de chamar ó diálogo para nos vindeiros días intentar aforrar en gastos correntes e poder así incluír os investimentos sinalados no orzamento municipal


O Sr. Sánchez di que non comparte para nada os datos aportados polo Sr. Martínez do PP. Expón que os orzamentos recollen as previsións de gastos para este exercicio en función dos servizos que se están a prestar; que a filosofía é manter os servizos cos recortes sinalados na anterior intervención e investimentos acordados en plenos por todos os grupos por unanimidade

Di tamén que votar en contra do orzamento é dicir non a estes investimentos, e con respecto ós investimentos sinalados polo Sr. Martínez que se poden aprobar modificacións ó orzamento

O Sr. Alvela di que pouco ten que engadir ó xa espuesto na anterior intervención. Con respecto ó manifestado polo Sr. Carrillo que pode estar a favor dalgunha cousa, pero que si hai que ter en conta a rebaixa do 13% en gastos correntes con respecto ó exercicio anterior e que neste orzamento os porcentaxes están máis axustados á realidade, reafirmándose na súa postura

O Sr. Carrillo di que o PP non está para nada en contra dos investimentos incluídos no orzamento, e recorda que comezou a súa primeira intervención sinalando que lle parecía correcto a rebaixa dos gastos correntes pero que cun esforzo adicional se poderían conseguir ese 7% para poder recoller os investimentos comprometidos no pleno do 15/01/2009. En canto ó persoal di que a información é a que figura no expediente do orzamento

O Sr. Sánchez di que con respecto ó persoal que se trata dun erro porque o obradoiro de emprego rematou en decembro, e en canto ó tema de recortar gastos



di que hai que suprimir servizos e que a aprobación dos orzamentos é responsabilidade de todos os grupos políticos

O Pleno, con 6 votos a favor do PSdeG-PSOE , 1 abstención de TEGA e 5 votos en contra do PP, acorda aprobar a citada proposta

### 8º.- Contestación ás preguntas formuladas no pleno anterior

--Ás preguntas de dona Xosefina R. Guitián do BNG a Presidencia contéstalle:

1.- Sobre da viaxe a Arxentina di que nesta ocasión vixaron tres concelleiros do PSdeG-PSOE, TEGA e PP, para visitas oficiais ó Centro de Galicia, á Federación de Asociacións Galegas e á Sociedade Parroquial de Vedra en Bos Aires. Os gastos foron os dos billetes que ascenderon á cantidade de 2.760 euros e tamén se asinaron convenios para os actos da celebración do centenario dos sociedades de Vedra en Arxentina.

2.- En canto á pregunta sobre da ampliación da estrada CP-8208 de vedra - Santa Lucía, que coincide coa pregunta do PP nese mesmo pleno de decembro, di que se solicitou unha visita ó lugar do enxeñeiro -xefe e ó Deputado de obras, Sr. Bernardino Rama, e que cando se concrete a visita se avisará ós distintos grupos para que asistan á reunión

--Ás preguntas de don Carlos Martínez do PP, a Presidencia contesta:

1.- Sobre dos bancos de tempo, que xa están a funcionar, incluso esta sábadode teñen unha segunda reunión

2.- En canto á compra da carpa municipal, di que xa estaba casi mercada, pero nunha reunión que mantiveron co Concello de Boqueixón, por casualidade, aconsellaron non mercala, dado que eles se desfizeran dela


3.- Á pregunta sobre do transporte comarcal, a Presidencia cédelle a palabra o concelleiro don Eloy J. Iglesias López, que expón que existía un convenio inicial pero que so consideraba tramo metropolitano 10-12 quilómetros ( parte de San Xián) e o prezo era de 0,71 céntimos e para o resto do concello o prezo era de máis de 1,00 euros. Despois disto que se fixeron máis xestións redactándose un novo convenio, xa aprobado polos concellos e pendentos de sinatura dos alcaldes, e que se chegou a un acordo de tarxeta única cun custo para todo o concello de 0,71 céntimos/viaxe. Ademais e en canto á ampliación de servizos que se solicitou unha nova viaxe dende Ponte Ulla para as 7: 10 horas e outra máis de regreso de Santiago para as 21:00 horas, e que en canto á outra empresa, Seoane, que non é factible ó ser pouco utilizados

Por último di que en canto á utilización das empresas para o transporte intermunicipal que sería moi costoso e sen subvención da Xunta

4.-En canto á colocación de pedra na entrada da igrexa de San Xián, a Presidencia di que xa está colocada

### 9º.- Rogos e preguntas

--O Sr. Alvela de Tega di que lle gustaría facer unha pequena matización á contestación do Sr. Alcalde á pregunta de dona Xosefina Guitián do BNG pola viaxe a Arxentina, en canto a recoñecer que él ten sido moi crítico coas viaxes a Arxen-





tina, e que o coñecer in situ o sentir daqueles veciños, fíxolle mudar a opinión destas viaxes. Di que o diñeiro está ben empregado e que non deben facerse todos os días pero que a xente dalá o agradece.

--Tamén roga que se arranxe unha fochanca que existe na pista baixando para Cubelas

--Don Carlos Martínez do PP formula as seguintes preguntas:

1º.- Cando se van asfaltar as pistas solicitadas polos veciños na aldea de Cimadevila?

2º.- En que situación se atopan os proxectos ou anteprojectos de acondicionamento dos núcleos de Nande en San Fins de Sales, Tomonde en Santa Cruz, e Ponte Ulla?

3º.- Cal é o motivo de que se estén a instalar carteis de sinalización turísticos novos se dan a mesma información cos antigos, que están en bo estado, estándose a colocar ademais no mesmo sito? . Non lles parece malgastar os cartos?. Ese diñeiro non sería mellor investilo en servizos básicos para a poboación de Vedra?

4º.- Esta á realizar o concello a limpeza do local social de Merín? Se é así, con que frecuencia?

5º.- Cando está previsto que comezen as obras do local social en Trobe? Cal é o prazo para rematalas?

6º.- Cando van escomezar as obras da estrada Vedra-Santa Lucía? Houbo cambios no trazado?. Que medidas se adoptaron dende o concello ó respecto desta obra?

7º.- Como está o tema de saneamento de Paradela?

Asimesmo formula os seguintes rogos:

1º.- Rogamos se limpe a fonte de Cimadevila, chamada de Fonte Fría

2º.- Rogamos se limpen os arredores da Capela de Santa Isabel en San Fins

3º.- Poñemos no seu coñecemento de que na parroquia de San Fins prodúcese en certos momentos baixadas de tensión na rede eléctrica, o que non so provoca molestias nos veciños senón que ademais pode provocar avarías en electrodomésticos e outros, polo que rogamus falen coa empresa subministradora para aclarar dita circunstancia, ver cales son os motivos, e solucionalos?

4º.- Rogamos que na aldea de Vilar en Vilanova se tapen os alcantarillados posto que non dispoñen de cuberta de ningún tipo.


5º.- Rogamos se coloquen varios puntos de luz na pista que vai dende a aldea de Rosende ó Campo da Festa de Merín

6º.- No campo de fútbol municipal de O Coto, en Santa Cruz, leva xa bastantes semáns sen funcionar o equipo de riego da herba artificial. Rogamos se avise ós técnicos e se repare de forma urxente posto que co bo tempo e sen choiva, se non se rega, degradarase dito campo, estropeándose en puco tempo o gran investimento realizado no mesmo

7º.- Rogamos que no pavillón de Vedra se reparen xa as goteiras e se fagan os cambios necesarios para que non exista condensación no mesmo cada vez que chove (Motivo polo cal se converte en impracticable)

8º.- Tendo coñecemento de que no lugar de Romarís hai problemas coas augas residuais, solicitamos a inclusión dese lugar nun próximo plan de saneamento

9º.- Solicitamos a colocación de espellos en Laraño fronte á saída da pista á casa do Sol na vía Cibrán -Oza, en Paradela ó lado da casa de Llamazares, na saída da pista de Quintáns á estrada Vedra -Santa Lucía, demandados polos veciños.



10º.- Solicitamos o arranxo dos baches na pista de Matelo a San Fins, na pista de Laraño, na pista de Quintáns á Torre na parroquia de San Xián, ademais do arranxo da pista que vai polo medio da aldea de A Torre

11º.- Solicitamos arranxen en Trobe as marquesina do autobús que teñen desperfectos (cristais e ferros rotos e perigosos)

12º.- Solicitamos poñan un panel informativo na aldea de Gatente en Trobe

13º.- Solicitamos cerren a entrada ó campo de fútbol de Trobe para os coches

14º.- Solicitamos comecen a limpar e acondicionar as cunetas das distintas parroquias do concello

15º.- En relación ó asunto das vivendas de Xián, xa pasaron os dous meses de prazo concedidos á promotora para solucionar os problemas demandados polos veciños. E por iso que lle solicitamos ó concello que a través dos servizos técnicos urbanísticos municipais revise na vindeira semán se foron feitas ou non as obras requeridas, e por tanto realice un informe se foron ou non solventados ditos problemas (Muro, pozo de auga e fosa séptica-depuradora). De informar que non están solventados ditos problemas, que se informe de que actuacións e obras debe levar a cabo a promotora para arranxalos dunha "bendita" vez, exixíndolle que o faga nun prazo non superior a 15 días

16º.- Acompañamos foto da pista de caldelas (Ponte Ulla) que sobe ata a zona onde se está a realizar a vía do AVE. Como se pode observar nela as obras do AVE fan desembocar unha gran canalización de recollida de augas pluviais, á cal non se lle dá ningunha saída. Estamos convencidos e advertimos que iso provocará nun futuro non moi lexano unha auténtica raiada que destrozará a pista, probablemente danará a estrada, e seguirá causando danos nas parcelas posteriores á estrada. Rogamos se lle exixa á empresa constructora do AVE ou ben a ADIF, que se canalice dita saída de augas ata unha zona baixa que sirva para desaguar, e non provoque dano algún nin nas pistas, estradas ou fincas particulares.

## 10º. 8º.- Rogos e preguntas veciñais


A Presidencia, ó abeiro do disposto no artigo 23 do Regulamento de Participación veciñal, aprobado definitivamente e publicado no BOP num. 68/08, do 25 de marzo do ano que andamos, establece un turno de rogos e preguntas co público asistente á sesión.

--Dona Estela Mouriño da Comunidade de Propietarios de vivendas de Xián-Trobe, pregunta:

1º.- Realmente nos dous últimos meses, que medidas tomou este concello para presionar a unha promotora á que se lle concedeu licenza de primeira ocupación, sen cumprir os proxectos?

2º.- Tendo coñecemento de que noutra urbanización se está a vaciar a depuradora cun tractor-cisterna con cargo ó concello, porque non se lle presta ese servizo temporalmente mentres a promotora Vengalicia non soluciona o problema, dado que na última intervención estabase a vaciar cada 10 días e nestes momentos cada 4 e isto é insostenible?

--Dona Margarita Mallo di que dado que non se contestou a pregunta do Sr. Martínez Carrillo, pregunta cal é o motivo de non concederlle as prácticas na ludoteca de Vedra?



Conclúe ó fio das vinte e dúas horas

